



SOLIDARIEDADE GALEGA

CO POBO SAHARAÍ

Nº rexistro: 2004/007037/1 (SC)

C.I.F.: G-15924558

www.sogaps.org

Estimados/as Pais e Nais das ANPAS:

O pobo saharauí hoxe máis que nunca necesita todo o noso apoio. O clima de tensión que se está a vivir no Sáhara Occidental, un territorio en proceso de descolonización inconcluso das Nacións Unidas. Marrocos segue ocupando ilegalmente, parte do territorio saharauí, deixando ao pobo saharauí entre o exilio e a ocupación ao longo dos últimos 40 anos. Estamos en momentos actuais ante un clima bélico.

A ONG Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS) leva moitos anos realizando o Programa humanitario "Vacacións en Paz". Como saben consiste en rescatar dos campamentos de refuxiados, no deserto de Tinduf en Arxelia, ao maior nº de nen@s para evitarlles as altísimas temperaturas dos meses de xullo e agosto. Coa solidariedade das familias acolledoras conviven, aliméntanse e procúraselles atención médica da que nos campamentos carecen case por completo.

No programa colaboran, ademais das familias de acollida, algúns concellos. Mais resulta insuficiente a axuda. Cada ano estamos máis escasos de recursos económicos para costear a viaxe destes cativos refuxiados. Por tal razón comezamos unha campaña solidaria nas escolas. Que os nosos nenos e nenas tomen conciencia cunha aportación económica das súas familias. Pero non só iso, senón con sentido educativo e de cooperación. Polo que ofertamos charlas con saharauís e cooperantes sobre o problema dos refuxiados no Sahara Occidental, un pobo abandonado que hoxe é a última colonia de África.

Contamos coa solidariedade desta ANPA para podermos traer no verán o maior nº de nen@s posible. Con ese obxectivo deixamos uns sobres para repartirllle ao alumnado e podermos recibir aportacións voluntarias das familias sensibilizadas con esta situación de inxustiza. Aínda que sexa só un euro a aportación é importante. Entre tod@s sumamos e o pobo saharauí agradece.

Se desexan realizar charlas ou actos relacionados chámennos e acudiremos ao Centro a explicar o Programa ou a situación histórica e actual do Pobo Saharaí.

Moita grazas pola vosa complicidade solidaria, dos cooperantes de SOGAPS e da Delegación Saharaí en Galicia.

Nº CONTA : A Banca - ES40 2080 5056 13 3040034374

Vigo a ____ de _____ do 2016

Maite Isla Avión

Presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS)

ANPA _____